



# PLAN DIGITAL

## CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro

Dirección: Corzos s/n O Carballiño (Ourense)

Correo: cpr.vila.arenteiro@edu.xunta.gal

Páxina web: www.viladoarenteiro.com

Etapas educativas: Infantil, Primaria, ESO e Especial

Nº de alumnado: 191 e nº profesorado: 25

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

*O centro aséntase nun barrio próximo ao centro urbano do concello do Carballiño. Está situado nun lugar de residencia de vivendas unifamiliares tipo chaléts dunha poboación maioritariamente de clase media. Pero debido a súa localización faise necesario trasladar ao alumnado en autobús escolar ou en automóbil privado. A este centro acoden alumnos deste concello e tamén alumnos de concellos limítrofes (Leiro, Irixo, Maside, Boborás, San Cristovo de Cea,...)*

*O CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro é un centro con familias dun nivel socioeconómico e cultural medio.*

*Este centro defínese como aconfesional, plural e respectuoso co mundo que nos rodea. Pretende constituírse nun espazo de convivencia e formación que promova a participación, a tolerancia e o desenvolvemento persoal e intelectual dende unha perspectiva crítica e racional acorde cos tempos. Non existen na área de influencia problemas de marxinação acusada ou de conflito social de calquera tipo, nin características culturais diferenciadoras. Maniféstase a prol da normalización lingüística do galego, procurando que esta sexa a lingua vehicular en todo o ámbito escolar. Propónse garantir tamén que o alumnado domine as dúas linguas oficiais, e que coñeza o seu valor como base da comunicación e da adquisición de coñecementos.*

*O Plan Dixital do centro ten que ter relación directa co Anexo 5 de Participación do profesorado do centro en programas de Innovación Educativa e o Anexo 6 do Plan de integración das TIC do Plan Xeral Anual do centro (PXA).*

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*Para a realización deste plan dixital séguese a resolución do 3 de setembro do 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

*Tamén hai que ter en conta:*

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación , no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

*Ao longo do curso 2021-2022, cada centro dentro da súa autonomía elaborará o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.*

*Para o deseño e elaboración do Plan Dixital porase a disposición de toda a comunidade educativa, a través do portal educativo, un espazo específico de competencia dixital na que se recollerá toda a información e ferramentas para o seu desenvolvemento: <https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital>, e procederase como se indica a continuación:*

*O procedemento a seguir será:*

- *Realizar a análise da situación do centro :A análise da situación do centros farase a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.*

*a) Informe SELFIE.*

*Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, o centro usará a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE). Esta ferramenta, desenvolta pola Comisión Europea ao abeiro do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg).*

*b) Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD)*

*De xeito complementario, o profesorado poderá realizar o test CDD baseado no marco DigCompEdu dende o seu perfil persoal. Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2), polas áreas deste Marco e devolve un detallado feedback. Así mesmo, xera un Informe de Centro, sempre que máis do 20% do profesorado do centro o teña completado, a fin de mostrar resultados que sexan representativos.*

- *Realizar a diagnose de situación do centro.*
  - a) *A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.*
  - b) *O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.*
- *Pautas para a elaboración do Plan Dixital.*

*O Plan Dixital realizarase en base á información recollida do informe de análise da situación do centro.*
- *Temporalización*

*Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022, o centro deberá realizar a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para poder iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.*

*No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

**Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** *Temos dúas liñas de Internet ADSL pero a conectividade é bastante deficitaria. Estase á espera de que instalen a fibra óptica pola urbanización.*

**Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**

Aulas dixitalizadas: *temos proxector e pantalla retroproxectora en 14 aulas, destas, 9 teñen encerados dixitais.*

Proxecto E-Dixgal: *non estamos dentro do proxecto E-Dixgal*

Equipos de xestión e administración: *Contamos con tres equipos informáticos para a xestión e a administración.*

Uso na biblioteca: *non dispoñemos de equipos informáticos neste lugar. O bibliotecario fai as xestións dende o seu propio equipo.*

Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: *Temos un ordenador a disposición do profesorado na sala de profesores. En xeral, neste centro cada docente emprega o seu propio dispositivo.*

Equipos ultrapotátiles para aula móbil: *dispoñemos equipos ultrapotátiles para traballar con alumnos con NEEA.*

Aulas de informática: *temos unha aula de informática con 8 ordenadores portátiles.*

Dotacións para proxectos específicos. *Non temos dotacións para proxectos específicos.*

**Servizos dixitais educativos:** *servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente*

*Páxina web do centro:* [www.viladoarenteiro.com](http://www.viladoarenteiro.com),

*Aula virtual:* empregamos a Google Suite Classroom,

*Servizo de videoconferencia:* empregamos a plataforma ZOOM e a CISCO Webex

*Abalar:* Actualmente empregase só para que as familias observaran as cualificacións dos alumnos pero para o curso 2022/23 tratarase de empregar tamén para as comunicacións coas familias.

*Educamos:* Ata o curso 2021/22 neste centro as comunicacións, incidencias, faltas de asistencia, recibos de pago facíanse con esta plataforma educativa. Para o curso 2022/23 tratarase de empregar outras plataformas corporativas.

**Xestión do mantemento do equipamento do centro.** *É xestionado polo profesorado cando isto non é posible buscase mantemento externo.*

**Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:**

<http://www.viladoarenteiro.com/g-suite-para-centros-educativos/>

<http://www.viladoarenteiro.com/wp-content/uploads/2022/06/PLAN-DE-ADAPTACI%C3%93N-%C3%81-SITUACI%C3%93N-COVID-19.pdf>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** *Inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa: :*

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1	2			
	Profesorado	8	7			
	Alumnado		41			

**Test CDD:** Inclúese a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén se reflicte o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	24	37,5%
PROVISIONAL	0	1	0%
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
88	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	107	Experto/a (B2)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri.	74,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
Inf.	76	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	22,2%
B1	4	44,4%
B2	2	22,2%
C1		
C2	1	11,1%
TOTAL	9	99,9%



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2. Emprego de tecnoloxías dixitais dispoñibles no centro (dispositivos, plataformas e software).	C5. Necesidade de asistencia técnica externa para instalación e reparación de equipos
	PERSONAL DOCENTE	B3. Boa comunicación entre o profesorado coas familias e co alumnado empregando as diferentes recursos dixitais.	G1. Falta de práctica reflexiva e de pensamento dixital dalgúns docentes a aplicar as novas tecnoloxías para a avaliación.
	PERSONAL NON DOCENTE	F6. Participación en proxectos interdisciplinarios	D2. Necesidade de participar en cursos de formación.
	ALUMNADO	H8. Ensinanza para comunicarse coas tecnoloxías dixitais	H7. Escasa motivación escolar no emprego de tecnoloxías dixitais emerxentes para a creación de contidos dixitais
	FAMILIAS	C7. Organización dos contidos dixitais sinxelos para un acceso fácil e seguro, protexendo os datos persoais e confidenciais	C11. Necesidade dunha aprendizaxe autorregulada do alumnado, fomentando a aprendizaxe activa e autónoma.
	OFERTA	E3. Enfoque positivo no tratamento da diversidade e inclusión que garanta o acceso a recursos dixitais e actividades para todo o alumnado.	E2. Limitación á hora de modificar os recursos dixitais do centro
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3. Ensinanza en grupos reducidos.	A1. Necesidade dun plan de acción dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	E1. A administración ofrece recursos dixitais que apoian o desenvolvemento e melloran os obxectivos de ensino aprendizaxe	G3. Déficit de recursos en comparación co ensino público de que ofrece a administración para mellorar o ensino-aprendizaxe (Moodle, Abalar, etc)
	LEXISLACIÓN	A2. A lei regula as estratexias do profesorado do mesmo xeito nos centros concertados que nos públicos.	D1. O centro concertado queda relegado por non poder acceder a todos os recursos dixitais que ofrece a Xunta (Edixgal, etc)
	CONTORNA	E4. Posibilidade de mellora da comunicación coas familias	F5. Escasa participación activa dalgunhas familias
	ANPA	B2. Charlas informativas que capaciten ao alumnado para que utilice as tecnoloxías dixitais de forma segura, á vez que se minimizan os riscos para garantir o benestar físico, psicolóxico e social	C3. Falta de conectividade debido á localización xeográfica do centro
	OUTRAS ENTIDADES	F3. Ampliación de novos campos de traballo de difusión, comunicación e mesmo aprendizaxe dixitais	C1. Dependencia comercial dada pola venda de paquetes tecnolóxicos (Educamos)

### 3. Plan de Acción

*Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Partindo dunha análise cuantitativa e cualitativa dos resultados do informe SELFIE temos que realizar o noso DAFO. O DAFO é unha ferramenta ou técnica de planificación estratéxica que nos serve como punto de partida para saber cal é a situación real do noso centro nese momento, así como posteriores comparacións desde ese punto de partida co momento futuro. Usado no mundo da empresa para identificar as fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas dunha organización e para establecer a base dun bo plan estratéxico.*

*O obxectivo principal da análise DAFO é identificar as liñas de acción e plans estratéxicos que son necesarios para acadar os obxectivos da nosa organización.*

*A través dunha metodoloxía baseada na identificación dos elementos internos e externos que afectan á nosa organización (centro educativo), na agrupación por pares de ditos elementos para establecer as liñas de acción, para rematar no desenvolvemento de ditas estratexias ou plans e os indicadores de éxito.*

*Establecemos as áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. Son os seguintes:*

#### ÁREA A: LIDERAZGO

##### A1.-Estratexia dixital

**Obxectivo 1.-** (A1) Empregar a plataforma Abalar para a comunicación coas familias.

*Queremos substituír a plataforma de comunicación coas familias que estabamos empregando (Educamos) pola plataforma Abalar. No curso 2022/23 preténdese que as comunicacións académicas sexan por este medio corporativo. O equipo directivo fomentará o cambio de medio de comunicación. Estímase que a finais de curso o 70% dos docentes empreguen este medio, para informar ás familias das incidencias, das faltas, etc.*

##### A2.-Desenvolvemento da estratexia co profesorado

**Obxectivo 2.-** (A2) Utilizar como vía de comunicación inmediata o WhatsApp entre os docentes e as familias.

*Empregar o WhatsApp como medio de comunicación inmediata coas familias para aquelas situacións de carácter urxente, por ser un medio económico, intuitivo, rápido e coñecido polas familias.*

*O equipo directivo potenciará o aumento da porcentaxe de docentes que empreguen este medio naquelas situacións que se requira urxencia. Supoñemos que o usan o 70% e aspírase a que se chegue ao 90%.*

#### *ÁREA B: COLABORACIÓN E REDES*

##### *B2.-Debate sobre o uso da tecnoloxía*

**Obxectivo 3.-** (B2) *Comprobar se o uso de tecnoloxías é produtivo para a aprendizaxe co alumnado.*

*Realizar proxectos entre distintas materias no que prime a colaboración entre varios docentes co fin de poder avaliar a aprendizaxe do alumnado. O Equipo directivo promoverá que se chegue a que como mínimo o 30% dos docentes fagan colaboracións interdisciplinares e valorar a produtividade deste aprendizaxe.*

#### *ÁREA D: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO*

##### *D2.- Participación no Desenvolvemento Profesional Continuo*

**Obxectivo 4 .-** (D2) *Fomentar o desenvolvemento profesional continuo.*

*Tratar de fomentar a formación dixital no profesorado*

*O Equipo directivo facilitará información sobre os cursos de formación dixital e ao final de curso recompilará as certificacións dos docentes para poder avaliar se o obxectivo foi acadado. Non se ten unha porcentaxe de partida pero estímase que se poida chegar a un 50% da porcentaxe dos docentes que realizan cursos de formación no curso 2022/23.*

#### *ÁREA E: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS*

##### *E2.- Creación de recursos dixitais*

**Obxectivo 5.-** (E2) *Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente nas distintas etapas educativas.*

*Fomentar que o docente se implique na creación de recursos dixitais.*

*A xefatura de estudos recollerá os recursos dixitais creados polo docente. Proponse que ao menos cada docente cree un recurso dixital (vídeos, xogos, presentacións,..) para poder avaliar se o obxectivo foi acadado.*

##### *E3.- Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe*

**Obxectivo 6.-** (E3) *Promover a aula virtual do centro por parte do alumnado*

*Aumentar o número de actividades levadas a cabo na aula virtual.*

*A finais de curso o equipo directivo avaliará mediante unha enquisa se o obxectivo foi acadado. Trátase de que cada docente como mínimo prepare 5 actividades na aula virtual e que sexan realizadas polo alumnado. A día de hoxe non se teñen datos de partida.*

#### ÁREA F: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

##### F6.- Proxectos interdisciplinares

##### **Obxectivo 7.-** (F6) Participar en proxectos interdisciplinarios

*Aumentar o número de proxectos interdisciplinares que se realizan no centro.*

*O equipo directivo propón que durante o curso se realice un proxecto interdisciplinar como mínimo en cada curso da ESO, e un por ciclo de Primaria e un na etapa de Infantil. Non hai datos de partida.*

#### ÁREA G: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN

##### G3.- Retroalimentación axeitada

##### **Obxectivo 8.-** (G3) Planificar a retroalimentación do aprendizaxe no alumnado

*Promover que o profesorado realice actividades autoavaliativas e en prácticas de coavaliación mediante rúbricas.*

*A xefatura de estudos mediante unha enquisa aos docentes avaliará se se chega ao 50% dos docentes que realizan actividades deste tipo.*

#### ÁREA H: Aprender a comunicarse

##### H8. Aprender a comunicarse

##### **Obxectivo 9.-** (H8) Aprender a comunicarse en Internet de xeito seguro

*Ensinar ao alumnado a navegar en Internet dun xeito seguro e informalos do perigo dun mal uso desta ferramenta.*

*O equipo directivo potenciará que o 100% do alumnado teña os coñecementos en protección de datos e que valoren a importancia da privacidade en Internet.*

*Toda esta información e as descrições dos obxectivos están recollidas nas táboas que aparecen a continuación na páxina 13.*

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora do noso centro pódense reducir a tres: máis equipamento na aula de informática, aulas dixitalizadas e unha boa conectividade a Internet. De seguido se expón a realidade do noso centro:

- *Infraestruturas dixitais*

Infraestrutura de datos: A conectividade a internet é moi deficitaria. Estamos á espera de que poñan fibra óptica na urbanización. Temos dúas liñas de ADSL pero a velocidade contratada non chega. Tras varias solicitudes ao concello, para que interceda coas compañías de telefonía a que aceleren o proceso de instalación, atopámonos coa realidade de que os docentes teñen que compartir datos propios dos seus dispositivos para poder realizar actividades dixitais na clase.

- *Equipamento*

Temos 5 aulas do centro que non dispoñen de encerados dixitais. Todas as aulas ordinarias contan con retroproxector e pantalla.

Na aula de informática temos 8 portátiles, para o curso 2022/23 intentarase incorporar máis dispositivos e que estes dispoñan de software libre.

- *Servizos dixitais educativos*

Dentro destes servizos dixitais temos:

Educativos corporativos son aqueles que facilitan a xestión docente como pode ser o correo, o cisco Webex e o espazo Abalar.

Educativos non corporativos actualmente empregamos Google Suite Classroom como aula virtual e a plataforma Educamos para as comunicación académicas. En ambos casos tense en conta o cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD-GDD) e as implicacións que esta lei ten nos centros educativos. Para o curso 2022/23 preténdese desprazar a plataforma educamos por Abalar para as comunicacións e buscar un programa alternativo para xerar recibos bancarios debido a que supón un custo elevado para a empresa.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>“Área/s de mellora”: A. Liderado</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	(A1) Empregar a plataforma Abalar para a comunicación coas familias				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de docentes que realizan as comunicacións a través do sistema Abalar					
<b>Valor de partida (3)</b>	0%					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	70% dos docentes			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Empregar a plataforma Abalar para a comunicación coas familias.</b>	Equipo directivo	31/10/2022	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Potenciar o uso de Abalar mediante o envío de notificacións periódicas.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Difundir recursos directamente ou mediante enlaces</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: A. Liderado</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	(A2) Utilizar como vía de comunicación inmediata o WhatsApp entre os docentes e as familias				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de docentes que realizan as comunicacións a través do WhatsApp					
<b>Valor de partida (3)</b>	70% dos docentes					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	90% dos docentes			20/06/2023		
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1: Seleccionar as situacións de maior efectividade comunicativa.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2:Comprender a capacidade de notificacións urxentes.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.3: Englobar a máis familiares no proceso de comunicación e relación.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: B. Colaboración e redes</b>						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	(B2) Comprobar se o uso de tecnoloxías é produtivo para a aprendizaxe co alumnado				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de colaboracións entre docentes					
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecido					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	30% dos docentes			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO3.1: Establecer grupos de traballo entre diferentes materias.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Comprobar a disposición do alumnado para aprender dun xeito diferente.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3: Observar que o proceso de aprendizaxe está interconectado entre as distintas materias.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>A03.4: Avaliar a produtividade dos proxectos</b>	Equipo directivo	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: D. Desenvolvemento profesional continuo</b>						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	(D2) Fomentar o desenvolvemento profesional continuo				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe do profesorado que realiza cursos de formación dixital durante o curso escolar 2022/23					
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecido					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do profesorado fai cursos de formación dixital			20/06/2023		
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO4.1:Facilitar información sobre formacións relativas as TIC.</b>	Equipo directivo	30/05/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros.</b>	Equipo directivo	30/05/2023	Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas, boletíns, Web doutros centros, redes sociais e congresos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Recompilar do profesorado as certificacións obtidas ao rematar o curso 2022/23.</b>	Equipo directivo	20/06/2023	Persoal docente e documentación acreditativa dos cursos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Áreas de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos</b>						
<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	(E2) Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente nas distintas etapas educativas				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos creados por docente (vídeos, xogos, presentacións,..)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecido					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 recurso dixital realizado por docente			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A05.1: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo.</b>	Docentes	30/05/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2: Publicar recursos dixitais creados polo profesorado na aula virtual ou na plataforma Educamos.</b>	Docentes	30/05/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3: Remitir os recursos creados á xefatura de estudos.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos</b>						
<b>6. OBXECTIVO (1):</b>	(E3) Promover a aula virtual do centro por parte do alumnado				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na aula virtual do centro por docente implicado (Instrumento: Enquisa aos docentes implicados)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Sen datos previos					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	5 actividades realizadas polo alumnado na aula virtual do centro por docente implicado			20/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO6.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na aula virtual Google Classroom</b>	Docentes e administrador da aula virtual	30/09/2022	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO6.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes na aula virtual do centro</b>	Docentes	15/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas, actividades creadas na aula virtual		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO6.3: Traballar co alumnado coas tarefas creadas</b>	Docentes	15/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas, actividades creadas na aula virtual		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
		20/06/2023	Persoal docente, dispositivos		<b>Realizada</b>	

<b>AO6.4: Realizar a enquisa proposta pola xefatura de estudos para o computo das actividades realizadas no centro.</b>	Docentes e xefatura de estudos		electrónicos, equipamento e infraestruturas, actividades creadas na aula virtual		<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: Implementación na aula**

<b>7. OBXECTIVO (1):</b>	(F6) Participar en proxectos interdisciplinarios	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de proxectos interdisciplinarios a realizar		
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecido		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Un proxecto por aula na ESO, un por ciclo en Primaria e un na etapa de Infantil no curso escolar 2022/23	20/06/2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO7.1: Establecer grupos de traballo que engloben diferentes materias.</b>	Docentes	30/05/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO7.2: Fomentar a investigación e a curiosidade polos distintos saberes.</b>	Docentes	30/05/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO7.3: Traballar cos recursos dixitais e contrastar as distintas informacións.</b>	Docentes	30/05/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>A07.4: Difundir os proxectos á comunidade educativa.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Áreas de mellora”: G. Prácticas de avaliación</b>						
<b>8. OBXECTIVO (1):</b>	(G3) Planificar a retroalimentación do aprendizaxe no alumnado				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de Estudos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe do número de docentes que realizan actividades levadas a cabo co alumnado (Instrumento: Enquisa aos docentes implicados)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecido					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% de número de docentes implicados			20/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO8.1: Realizar as actividades interactivas autoavaliativas que aparecen nas unidades didácticas dos libros de texto.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO8.2: Elaborar recursos didácticos interactivos nos que os alumnos poidan obter as cualificacións (Exames, Questionarios)</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>AO8.3: Realizar unha memoria de actividades para remitir á xefatura de estudos.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO8.4: Preparar ao alumnado en prácticas de coavaliación mediante rúbricas.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>“Área/s de mellora”: H. Competencias dixitais do alumnado</b>						
<b>9. OBXECTIVO (1):</b>	(H8) Aprender a comunicarse en Internet de xeito seguro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de alumnos que acoden ás charlas informativas (Instrumento: Enquisa aos docentes implicados)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Descoñecido					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	100% dos alumnos que participaron poidan mellorar a súa comunicación segura en Internet					
<b>ACCÍONS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO9.1: Solicitar as charlas do Plan Director da garda civil e da Policía Nacional sobre “Novas Tecnoloxías”</b>	Docentes	20/06/2023	Equipo directivo		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO9.2: Formar ao alumnado na protección dos datos.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO9.3: Ensinar aos alumnos a axustar os perfís de privacidade.</b>	Docentes	20/06/2023	Persoal docente, Dispositivos electrónicos, equipamento e infraestruturas		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

- (1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

#### 4. Avaliación do plan

*No procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, terase en conta:*

- O contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- O contexto da **avaliación final**, a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellor.

#### 5. Difusión do plan

*Co fin de que toda a comunidade educativa coñeza o Plan Dixital, este será publicado na páxina Web do centro unha vez informado o claustro e o Consello Escolar.*